



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE
LIBREIROS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DAS FEIRAS DO LIBRO DE GALICIA NO ANO
2018**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A realización das Feiras do Libro de Galicia no ano 2018, co obxectivo de ampliar a dinamización cultural do libro, convertendo as mesmas en puntos de encontro culturais de difusión do libro e da lectura.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Federación de Libreiros de Galicia é a que ten entre os seus fins a organización das Feiras do Libro de Galicia.

Polo que a Federación de Libreiros de Galicia é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

